

## D. ANTONIO ABRIL ABADÍN

PRESIDENTE DO CONSELLO SOCIAL DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA  
(UDC)

Licenciado en Dereito pola Universidade de Oviedo e funcionario por oposición do corpo de Avogados do Estado. (O.M. Economía e Facenda de 20 de xullo de 1.984).

### ▀ Traxectoria na Administración Pública

Desde o 1 de agosto de 1.984 ata o 28 de xaneiro de 1.986: Avogado do Estado no Servizo Xurídico do Estado na Delegación de Facenda e Tribunais de Lugo. Desde o 28 de xaneiro de 1.986 ata o 1 de marzo de 1.989: Avogado do Estado no Servizo Xurídico do Estado na Delegación do Goberno en Galicia en A Coruña.

### ▀ Actividade na Universidade

Cursos 1990/91 a 1994/95: Profesor Asociado de Dereito Administrativo na Facultade de Dereito da UDC. Desde o 15 de marzo de 1999 ata o 4 de agosto de 2008 foi Vocal do Consello Social da UDC. Desde o 4 de agosto de 2008 e ata a actualidade é Presidente do Consello Social da UDC e Vicepresidente da Fundación Universidade da Coruña. Presidente da Conferencia de Consejos Sociales de las Universidades Españolas (CCS). Membro do Patronato e Presidente da Comisión de Documentos e Proxectos da Fundación CyD “Conocimiento y Desarrollo” que representa o compromiso da empresa española coa terceira misión universitaria. Presidente da Comisión Universidad-Empresa da Cámara de Comercio de España. Patrono da Fundación GADEA por la Ciencia y la Empresa.

### ▀ Actividade no sector privado

Desde o 1 de febreiro de 1989 ata o 15 de abril de 2021, Secretario Xeral y do Consello de Administración e Director de Cumprimento Normativo e Presidente do Comité de Ética de Inditex S.A. e das diversas empresas que constitúen o Grupo Inditex.

Na actualidade, Vicepresidente do Foro de Marcas Renombradas Españolas (FMRE). Membro do Comité de Normas Profesionais do Instituto de Consejeros y Administradores (IC-A) (filial española de The European Confederation of Directors Associations-ecoDa), do Consello Asesor da Fundación Biodiversidad, da Comisión Executiva da Cámara de Comercio de A Coruña y do Consello Reitor da Asociación para el Progreso de la Dirección en Galicia (APD).